



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

IES PLURILINGÜE FONTEXERÍA

Agra de Baño 21, MUROS – 15259

Tlf.: 881 867 110

ies.fontexeria@edu.xunta.es



HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

ACTIVIDADES

UNIDADE 10

NOME	Manuel	APELIDOS	Sánchez Lojo	CURSO	ESA
------	--------	----------	--------------	-------	-----

PARTE 2 DA UNIDADE 10. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

Actividades de reforzo

1. Consulta os apuntamentos e realiza **no teu caderno** as seguintes actividades:

▪ Explica dúas causas políticas e militares da Primeira Guerra Mundial:

- Política internacional expansionista ~~do~~ emperador alemán Guillerme II
- Formación de dous bloques antagónicos que eran ...
↳ Triple Alianza ...
↳ Triple Entente ...

▪ Indica catro países que compoñían o bando dos aliados e catro países que compoñían o bando dos Imperios centrais que se enfrontaron na Primeira Guerra Mundial:

Aliados → Francia, Reino Unido, Rusia e Serbia
 Imperios centrais → Alemaña, Imperio turco, Austria e Bulgaria. ✓

▪ Explica dous detalles característicos de fase da guerra de posicións da Primeira Guerra Mundial:

- Escavación de trincheiras e mantemento das posicións por parte dos exércitos ante a imposibilidade de romper as liñas inimigas e a entrada de Italia na guerra contra Alemaña e Austria, despois do cambio de Alianzas, a cambio de promesas territoriais. ✓

▪ Explica dúas características xerais da Primeira Guerra Mundial:

Mobilización de exércitos moi numerosos e o éxodo de millóns de persoas e gran cantidade de persoas refuxiadas.

- Explica dúas consecuencias demográficas da Primeira Guerra Mundial:

Aproximadamente 9 millóns de persoas mortas, aproximadamente 20 millóns de persoas feridas e un elevado número de persoas mutiladas e un forte descenso da natalidade. ✓

- Explica dúas consecuencias sociais da Primeira Guerra Mundial:

Implantación paulatina do sufraxio universal masculino e, despois, do sufraxio universal feminino e a progresiva emancipación da muller, debido principalmente á valía que demostrou ao substituír aos homes nos postos de traballo durante a guerra, permitindo así que as mulleres se fosen incorporando a profesións que ata entón estaban reservadas para os homes. ✓

- Explica dúas debilidades que demostrou ter a Sociedade de Nacións:

Abandono da Sociedade de Nacións por parte de Xapón e Italia e a falta de medios económicos e militares para impor as súas resolucións. ✓

2. Atendendo aos contidos do tema que aparecen nos aputamentos e aos teus coñecementos previos, realiza unha breve REDACCIÓN, DE ENTRE 10 E 20 LIÑAS DE EXTENSIÓN, E ESTRUCTURADO EN CATRO PARÁGRAFOS, no que realices unha reflexión sobre cada unha das cuestións que se citan a continuación.

Redacción 1. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL (extensión de entre 10 e 20 liñas)

Cada un dos 4 parágrafos debe comezar da seguinte maneira:

- o PRIMEIRO PARÁGRAFO: "A Primeira Guerra Mundial foi un conflito armado que tivo lugar entre 1914 e 1918 e que tivo entre as súas causas políticas e militares ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CAUSAS POLÍTICAS E MILITARES DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Primeiro parágrafo

Divalidades entre os países polo control de certos territorios, entre Alemaña e Francia por Alsacia e Lorena e por Marrocos, entre Austria, Hungría e Serbia polos Balcáns e entre Austria-Hungría e Rusia tamén polos Balcáns

→ entre → conflitos entre as potencias coloniais en África e Asia en ...

- o SEGUNDO PARÁGRAFO: "Na Primeira Guerra Mundial formáronse dous bandos que se enfrontaron que se denominaban... e que estaban formados cada un deles por ..." (CITAR E EXPLICAR OS BANDOS ENFRONTADOS NA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Segundo parágrafo

Tripla acordo os aliados ^{que foran...} ~~componentes iniciais~~ ^{que eran} ~~incorporacións posteriores e Abandonos~~ ^{+ que for...} e os imperios centrais, ~~componentes iniciais~~, Alemaña, ~~Austria~~ Hungría e ~~incorporacións posteriores~~, Imperio turco-otomán e Bulgaria.

- o TERCEIRO PARÁGRAFO: "A Primeira Guerra Mundial tivo importantes consecuencias económicas, entre as que destacaría ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CONSECUCENCIAS ECONÓMICAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Terceiro parágrafo

Endebedamento dos países belixerantes para afrontar os gastos da guerra e a conversión de Estados Unidos no gran prestamista dos demais países. ✓

- o CUARTO PARÁGRAFO: "Finalmente, a Primeira Guerra Mundial tamén tivo importantes consecuencias políticas, como por exemplo ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CONSECUCENCIAS POLÍTICAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Cuarto parágrafo

Desmembramento dos grandes imperios, como o imperio austro-húngaro, o imperio Turco e o imperio Ruso, conversión de Estados Unidos e ~~Xapón~~ en grandes potencias mundiais. ✓

→ moi ben